

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Requisitos de acceso

Pódese acceder de xeito directo, no caso de cumprir determinadas condicións, ou ben mediante unha proba, para a que se reserva o 20% das prazas.

Nos ciclos formativos de grao superior reservarase como mínimo o 10% das prazas que se oferten en cada ciclo para o alumnado con algún grao acreditado de discapacidade física, motora ou sensorial que obtivese dictame favorable da Comisión Autonómica de Escolarización.

Para poder cursar estudos de ciclos formativos de grao medio débese cumprir algúns dos requisitos seguintes:

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

---

### Acceso directo

---

- Posuír o título de Bacharelato.
- Ter superado o segundo ciclo da reforma das ensinanzas medias (REM).
- Ter superado o curso de orientación universitaria ou preuniversitario.
- Posuír o título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- Posuír unha titulación universitaria ou equivalente.

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Acceso mediante proba

Nesta proba de acceso, a persoa aspirante deberá acreditar os coñecementos e as habilidades suficientes para cursar con proveito as devanditas ensinanzas.

Poden concorrer ás probas:

- a) Aquelas persoas que teñan cumpridos 19 anos ou que os cumpran no ano en que se realicen as probas.
- b) Aquelas persoas que cumpran ou teñan cumpridos 18 anos de idade no ano natural de celebración da proba e estén en posesión do título de técnico que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción á que opta.

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Estructura da proba de acceso

A proba de acceso consta de dúas partes:

a) Parte común. Organízase en tres probas:

- Lingua galega
- Lingua castelá
- Matemáticas

b) Parte específica. Organízase en tres probas:

- Economía da empresa.
- Lingua estranxeira (inglés ou francés)
- Filosofía e cidadanía.

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Valoración da proba de acceso

A valoración de cada unha destas partes expresarase numericamente entre cero e dez.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro en cada unha das partes e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais.

Será positiva a cualificación de cinco puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "non apto".

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Exencións da proba de acceso

Os participantes nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior poderán solicitar a exención total ou parcial da proba.

As persoas que teñan superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos quedarán exentas de realizar esta proba e poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos sen necesidade de inscribirse nas probas de acceso.

A solicitude de exención parcial da proba deberase formular no momento da inscrición. A acreditación positiva de exención dalgunha das partes da proba de acceso a ciclos de grao superior manterá a súa validez en futuras convocatorias dentro do ámbito da comunidade autónoma galega.

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Inscripción e celebración da proba de acceso

Celebrarase unha convocatoria ordinaria anual de probas de acceso aos ciclos de grao medio.

A inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio farase na secretaría dos institutos públicos de ensino secundario e nos centros integrados en que se impartan ensinanzas de formación profesional inicial, nas datas que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o modelo de inscrición que se facilite para tal efecto.

# CS Administración e Finanzas

## Ciclo formativo de grao superior

### Certificacións

Expediráselle a acreditación correspondente ao alumnado que superara a referida proba.

Para facilitar a mobilidade do alumnado, a certificación que se obteña tras a superación da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial será válida como requisito de acceso a todos os ciclos formativos relacionados coa opción elixida para a proba. A certificación de superación da proba terá validez como requisito de acceso en todo o territorio nacional, e manterá a súa vixencia sempre que non se modifique o título e as ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo.

No caso de non superar a totalidade da proba, a cualificación nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco manterase en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante un máximo de dous anos.